

2º EXERCICIO: PARTE ESPECIFICA

INSTRUCCIÓN:

1. - Non abra nin lea o interior deste caderno ata que se lle indique.
2. - Esta proba ten carácter eliminatorio. Este exercicio consta de dúas partes diferenciadas: un primeiro cuestionario con 50 preguntas teóricas tipo test con 5 de reserva (E51 á E55), que deberán ser contestadas a continuación do recadro "Específico Parte teórica" entre os números E1 e E55 e un segundo cuestionario de 50 supostos prácticos tipo test con 5 de reserva (E106 á E110), que deberán ser contestados a continuación do recadro "Específico Parte práctica" entre os números E56 e E110 da "FOLLA DE RESPOSTAS"
3. - O tempo total de realización do exercicio, é de 150 minutos.
4. - Todas as preguntas teñen catro respostas alternativas, sendo unha a correcta. As respostas correctas sumarán 0,50 puntos, as non contestadas non terán valoración algunha e as contestadas erroneamente restarán 0,125 puntos.
5. - Comprobe sempre que o número de resposta que sinale na "FOLLA DE RESPOSTAS" é o que corresponde ao número da pregunta do cuestionario.
6. - Este cuestionario debe utilizarse na súa totalidade como borrador das respostas elixidas, para non marcar unha resposta ata estar totalmente seguro/a.
- 7.- A resposta correcta marcarase cun X ben feito dentro dos límites do recadro. De ter que anular algunha resposta, o recadro da resposta que se marcou incorrectamente ten que encherse por completo.

Unha vez que se anule, xa non poderá recuperarse de novo dita opción de resposta.
8. - Ao rematar o seu exercicio, no suposto de que non teña que realizar o exercicio de lingua galega, advírtao á organización para a súa recollida. Debe entregar a "FOLLA DE RESPOSTAS", no lugar que lle indique a organización, onde lle entregarán a última folla autocopiativa. Ao abandonar o recinto NON poderá levar ningún cuestionario de preguntas. O Servizo Galego de Saúde facilitaralle o acceso aos mesmos a través da páxina web: www.sergas.es, logo de finalizados os tempos de exame.
Se ten que realizar o exercicio de lingua galega, permaneza no seu lugar. Ao finalizar o exercicio, garde este cuestionario no chan, baixo o seu asento e espere as indicacións para realizar a continuación o outro exame, en unidade de acto.

**LEA DETIDAMENTE AS INSTRUCCIÓNS QUE FIGURAN NO REVERSO
DA FOLLA DE RESPOSTAS PARA O SEU CORRECTO ENCHEMENTO**

EXAME EN GALEGO

1. O celador:

- A) Comunicará á dirección do Centro os defectos ou anomalías que atope na limpeza e conservación do edificio e material.
- B) Vixiará as entradas da Institución, non permitindo o acceso ás súas dependencias máis ca as persoas autorizadas para facelo.
- C) Coidará de que os enfermos e resto de persoal non anden deambulando polos corredores e dependencias máis do preciso para chegar ao lugar concreto a onde se dirixan.
- D) Fará habitualmente as tarefas de limpeza que se lle encomenden.

2. Con respecto á oxigenoterapia:

- A) O "ambú" é un insuflador de aire.
- B) Nunha habitación con toma central de osíxeno non hai manorreductor.
- C) O celador leva a bala de osíxeno á cama do paciente.
- D) Todas son correctas.

3. Os recipientes de recollida dos residuos procedentes de citostáticos deberán:

- A) Ser permeables.
- B) Ser flexibles.
- C) Ter peche hermético.
- D) Son correctas as opcións B e C.

4. Sinale das seguintes respostas cal non forma parte da unidade do paciente:

- A) Cama hospitalaria.
- B) Colchón.
- C) Pixama.
- D) Todas forman parte da unidade do paciente.

5. Sinale a opción correcta respecto á expresión "algor mortis" referente a pacientes falecidos.

- A) É un fenómeno cadavérico tardío.
- B) Coñécese tamén como rixidez cadavérica.
- C) Refírese ao enfriamento progresivo do cadáver ata alcanzar a temperatura do medio ambiente.
- D) Son correctas as opcións A e C.

6. Indique a resposta correcta. Cando mobilizamos a un paciente, será mellor:

- A) Comezar sempre pola cabeza.
- B) Escorregar e empurrar que levantar.
- C) Levantar sempre ao unísono.
- D) Empurrar e levantar que escorregar.

7. Os vehículos de transporte sanitario por estrada matriculados con posterioridade ao Decreto 11/2011, entre outras características, de que cor terán a carrocería? Sinala a resposta correcta:

- A) Cor Euro Yellow RAL 1006.
- B) Cor Euro Yellow RAL 1016.
- C) Cor Euro Yellow RAL 1026.
- D) Cor Euro Yellow RAL 1626.

8. Sinala cal destas é función do celador na Unidade de Críticos.

- A) Mobilizar pacientes intubados.
- B) Mobilizar pacientes no intubados.
- C) Transporte de mostras e documentación.
- D) Todas as respostas son correctas.

9. Indique cal é a resposta correcta con relación ás chamadas Fontes, que poderíamos atopar dentro das aplicacións de tratamento de textos actuais:

- A) Arial.
- B) Times New Roman.
- C) Courier.
- D) Todas as respostas anteriores son correctas.

10. Cando falamos dun tipo de cirurxía, que implica unha incisión externa pequena para inserir instrumentos miniaturizados dentro dunha cavidade ou estrutura corporal, estamos a referirnos a un tipo de cirurxía:

- A) Cirurxía maior.
- B) Cirurxía minimamente invasiva.
- C) Cirurxía electiva.
- D) Cirurxía paliativa.

11. O celador na Unidade de Críticos, debe:

- A) Administrar medicación oral se fora necesario.
- B) Revisar e repoñer o carro de paradas.
- C) Realizar o mantemento de camas e padiolas do servizo.
- D) Colaborar na realización dos cambios posturais.

12. Sinala a afirmación falsa:

- A) Os frascos con antisépticos locais colócanse na bandexa superior do carro de curas.
- B) A "cánula de Guedel" é un tubo curvo e semiríxido que, introducido na boca do paciente, mantén aberta a vía aérea.
- C) O "escabel" serve para descansar os pés.
- D) A férula de descarga impide que a roupa da cama entre en contacto co paciente.

13. O período intraoperatorio:

- A) Iníciase coa chegada do paciente ao quirófano e termina coa saída do mesmo á sala de recuperación postanestésica.
- B) É o período que dura a intervención cirúrxica.
- C) Iníciase coa preparación do paciente para a operación e finaliza coa alta do mesmo.
- D) Ningunha das anteriores é correcta.

14. Que accesorios usará o paciente para realizar pequenos desprazamentos na cama?

- A) O soporte para pés.
- B) As sentinelas de noite.
- C) O arco de protección.
- D) O triángulo.

15. Sinale a opción correcta. O palet máis recomendable para almacéns é o denominado eurpalet e as súas dimensións son:

- A) 1200 centímetros x 800 centímetros.
- B) 1200 milímetros x 1000 milímetros.
- C) 1,2 metros x 0,8 metros.
- D) Ningunha das respostas anteriores é correcta.

16. A cirurxía que se emprega para extraer un fragmento de tecido para biopsia, denomínase:

- A) Diagnóstica.
- B) Ablativa.
- C) Reparadora.
- D) Paliativa.

17. Na posición de Fowler alta, a cama forma un ángulo próximo a:

- A) 45°.
- B) 60°.
- C) 90°.
- D) 120°.

18. Ao quirófano que combina unha sala de operacións convencional con sistemas de imaxe como Resonancia magnética, Tomografía computerizada ou Anxiografía, coñecemos tamén como:

- A) Quirófano experimental.
- B) TAC.
- C) Quirófano híbrido.
- D) Quirofanillo.

19. Segundo o Estatuto de Persoal non Sanitario ao servizo das Institucións Sanitarias, os celadores:

- A) Velarán excepcionalmente por conseguir a maior orde e silencio posible en todas as dependencias da Institución.
- B) Darán conta ao Servizo de Mantemento das faltas ou anomalías que atopasen na limpeza e conservación do edificio e material.
- C) Vixiarán o acceso e estadía dos familiares e das visitas nos cuartos dos enfermos, non permitindo a entrada máis ca ás persoas autorizadas, coidando non introduzan nas Institucións máis ca aqueles paquetes expresamente autorizados pola Dirección.
- D) Manterán o réxime establecido pola Dirección para o acceso de enfermos, visitantes e persoal ás distintas dependencias da Institución.

20. Seguindo o Sistema Manchester de Triaxe, os pacientes clasifícanse polas seguintes cores. Sinale a resposta correcta:

- A) Vermello, amarelo, verde e azul.
- B) Vermello, laranxa, amarelo, verde e azul.
- C) Vermello, amarelo, verde, azul e branco.
- D) Vermello, laranxa, amarelo, azul e maxenta.

21. Que dimensións (ancho x longo) ten un papel formato DIN A6?

- A) 1,48 dm x 2.1 dm.
- B) 1,05 dm x 1,48 dm.
- C) 2,1 dm x 2, 97 dm.
- D) 52 mm x 74 mm.

22. A saba traveseira:

- A) Tamén se lle chama saba de arrastre e saba entremetida.
- B) Colócase cubrindo a metade inferior da cama.
- C) Adoita ser impermeable e axustable.
- D) Non forma parte da lencería.

23. A capacidade mínima da bala portátil de osíxeno esixible ás ambulancias dos tipos A₁, A₂, B e C segundo o Decreto 52/2015, do 5 de marzo, polo que se regula o transporte sanitario, será de:

- A) 200 litros.
- B) 2000 litros.
- C) 400 litros.
- D) 4000 litros.

24. Das seguintes definicións en relación aos pacientes falecidos, sinale a opción correcta:

- A) Conxelación: método de conservación do cadáver mediante a hipotermia nunha instalación, manténdoo a unha temperatura de polo menos -10°C.
- B) Inhumación: acción e efecto de soterrar un cadáver.
- C) Columbario: zona destinada á incineración dun cadáver, restos humanos ou restos cadavéricos.
- D) Son correctas as opcións A e B.

25. Sinale a opción correcta ao respecto da comunicación:

- A) O celador tén a obriga de gardar silencio acerca de todo o que coñeza a causa do exercicio da súa profesión, mesmo ante persoas alleas ao seu traballo.
- B) O uso de escritura ilexible, as emocións e os costumes de conduta, poden constituir unha barreira.
- C) Segundo as relacións que se produzan, as comunicacións poden ser informais ou formais.
- D) Todas son correctas.

26. O consentimento informado é un documento moi habitual na atención sanitario e incorpórase á historia clínica do paciente. Das seguintes opcións, sinale a incorrecta respecto a este documento.

- A) O consentimento informado ten que levar as firmas do médico, paciente, familiar, representante legal ou persoa a el achegada.
- B) O consentimento informado pode ser revogado en calquera momento e sen expresar a causa da revogación.
- C) As follas do consentimento informado pasan a formar parte da historia clínica e teñen que conservarse, como mínimo, ata que pasen cinco anos dende a última asistencia prestada ao paciente ou dende o seu falecemento.
- D) A información previa ao consentimento facilitarase coa antelación suficiente para que o paciente poida reflexionar e decidir libremente.

27. Localice a opción correcta respecto á clasificación sanitaria dos cadáveres e as prácticas sanitarias sobre eles.

- A) Os cadáveres das persoas falecidas por causa radiactiva corresponden ao grupo 2º.
- B) Non se poderán realizar técnicas tanatoestéticas sobre cadáveres correspondentes ao grupo 2º.
- C) Os cadáveres que correspondan ao grupo 2º poderanse destinar a fins científicos e de ensinanza.
- D) Todas as opcións anteriores son falsas.

28. Sinale cal dos seguintes é un dispositivo de saída de datos:

- A) O teclado.
- B) A pantalla.
- C) O rato.
- D) Todas as respostas son correctas.

29. Cal dos seguintes utensilios non existe:

- A) O esfigmomanómetro.
- B) O laringoscopio.
- C) O amnioscopio.
- D) Existen tódolos utensilios citados.

30. Con cantas ambulancias de Soporte Vital Avanzado (AA-SVA) conta o 061?:

- A) 10
- B) 11
- C) 12
- D) 13

31. Respecto do formato das follas de papel, sinala o correcto:

- A) O A4 mide 210×297mm.
- B) A e D son correctas.
- C) O folio é a unidade máis empregada en imprenta.
- D) O A4 é a metade dun A3 e o dobre dun A5.

32. Sinala a resposta incorrecta con respecto ás características xerais da rede Internet.

- A) Internet é unha rede mundial.
- B) Internet é unha rede de ámbito privado.
- C) Internet utiliza liñas RTB ou RTC.
- D) Internet é unha colección de servizos.

33. Entre as funcións do celador de asistencia ao Persoal Sanitario Facultativo e non Facultativo, non está:

- A) Axudar ás enfermeiras e axudantes de planta ao movemento e traslado dos enfermos encamados que precisen un trato especial en razón das súas doenzas para facerlles a cama.
- B) Axudar no aseo de pacientes encamados.
- C) Facer as gardas que correspondan dentro das quendas que se establezan.
- D) Nos quirófanos, auxiliar en todas aquelas tarefas propias do celador destinado a este servizo, e ás que lles ordenen realizar os médicos, supervisoras ou enfermeiras.

34. Que coñecemos polas siglas D.E.A no ámbito das urxencias sanitarias?

- A) Datos externos automatizados.
- B) Desfibrilador esencial automático.
- C) Desfibrilador especial automatizado.
- D) Desfibrilador externo automático.

35. Que nome reciben as modificacións realizadas na postura corporal dun paciente encamado e que forma parte do plan de coidados?

- A) Fisioterapia pasiva.
- B) Arcos de movemento.
- C) Cambios posturais.
- D) Mecánica corporal.

36. Unha vez que se termina unha intervención cirúrxica con anestesia xeral, trasládase á paciente a:

- A) Rehabilitación.
- B) Á súa habitación na planta correspondente.
- C) Á sala de observación de urxencias.
- D) Á sala de recuperación ou despertar.

37. Durante a práctica dunha desfibrilación a un paciente, que medidas se deben tomar?:

- A) Asegurarse de que ninguén toque ao paciente.
- B) Colocar un Guedel.
- C) Seguir mantendo o ritmo das compresións torácicas.
- D) Suxeitalle as extremidades.

38. Sinale a resposta correcta respecto ás partes das que consta un código de barras EAN 13.

- A) O código do produto evita o erro na lectura automática do código de barras.
- B) O código da empresa está composto polo prefixo, o código do produto e o dígito de control.
- C) O prefixo do país aparece nos primeiros díxitos e as empresas adscritas á asociación española de codificación comercial (AECOC) codifican os seus artigos co número 74.
- D) Ningunha das opcións anteriores é correcta.

39. A normativa vixente, a efectos dun correcto funcionamento dos rociadores automáticos da instalación de protección contra incendios nun almacén, limita a altura de almacenamento en amoreamento vertical a un máximo de:

- A) 7,60 metros.
- B) 6,40 metros.
- C) 7,20 metros.
- D) 7 metros.

40. Cando nunha persoa que padece un trastorno obsesivo-compulsivo se observan os denominados como "ritos compulsivos", en que consisten?

- A) Son accións contrarias á moral social imperante.
- B) Son actos cerimoniais establecidos de maneira precisa por organizacións secretas non legalizadas.
- C) Son actos formais e precisos que o enfermo se sente impulsado a realizar. Desta maneira, diminúe a angustia ligada á obsesión.
- D) Todas son correctas.

41. É incorrecto respecto ao celador de porta dun hospital:

- A) Controla a entrada e saída de persoas.
- B) Permite a entrada de revistas, periódicos e libros.
- C) Dará información xeral aos usuarios.
- D) Impide a entrada de cans guía.

42. Os celadores:

- A) Farán os servizos de garda que correspondan dentro das quendas que se establezan.
- B) Servirán de ascensoristas cando se lles encomende especialmente ese encargo ou as necesidades do servizo o fagan preciso.
- C) Darán conta aos inmediatos superiores das deficiencias ou anomalías que atopasen na limpeza e conservación do edificio e material.
- D) Todas son correctas.

43. Cando se traballa en zonas onde pode existir risco biolóxico debido a salpicaduras de sangue ou fluídos corporais á mucosa ocular ou á cara, que equipo de protección individual é adecuado usar para evitalo?

- A) Pantalla facial.
- B) Capuz.
- C) Luvas e bata.
- D) Son correctas as opcións A e B.

44. Cuando falamos de Cadro Balcánico, referímonos a:

- A) Unha prótese.
- B) Un aparello utilizado para a recollida de urina.
- C) Un armazón metálico para as camas de traumatoloxía.
- D) Un aparello ortopédico.

45. Sinale a resposta correcta en relación ás vantaxes das aplicacións de tratamento de textos.

- A) Dificil manexo.
- B) Non permiten o uso de táboas.
- C) Ten corrector integrado.
- D) Ningunha das respostas é correcta.

46. Sinale a resposta correcta en relación aos modelos de sistemas de xestión de bases de datos:

- A) Relacionais.
- B) Xerárquico.
- C) Rede.
- D) Todas as respostas son correctas.

47. Que norma regula a sanidade mortuoria na Comunidade Autónoma de Galicia?

- A) Decreto 151/2012, de 20 de decembro.
- B) Decreto 151/2015, de 20 de decembro.
- C) Decreto 151/2015, de 20 de novembro.
- D) Decreto 151/2014, de 20 de novembro.

48. De entre as seguintes, cal non se considera unha das principais formas de amontoar verticalmente materiais nun almacén en función do espazo existente entre a mercancía?

- A) Encostado.
- B) Castelo.
- C) Bloque.
- D) Illa.

49. Dende o punto de vista da peligrosidade infectiva e a efectos de limpeza, cal das seguintes sería unha zona de baixo risco nun hospital?

- A) Vestiarios.
- B) Laboratorios.
- C) Capela.
- D) Son correctas as opcións A e C.

50. Sinale cal das seguintes posicións anatómicas non é cirúrxica:

- A) Posición de Sims ou Semiprona.
- B) Posición de Nefrectomía.
- C) Posición de Trendelenburg.
- D) Posición Xenupectoral ou Mahometana.

51. Cal dos seguintes equipamentos é esixible tanto ás ambulancias asistenciais como ás non asistenciais?:

- A) Padiola de pas.
- B) Balón resucitador manual con entrada de osíxeno e bolsa reservorio.
- C) Estetoscopio.
- D) Capnómetro.

52. Cal das seguintes é unha característica ideal dun desinfectante de alto nivel?

- A) Que deixe coloreada a pel e as superficies de equipos e instalacións para que quede constancia da súa boa eficacia.
- B) Que acade un alto nivel de desinfección en menos de 20 minutos para minimizar o tempo de rotación entre enfermos.
- C) Que teña requerimentos especiais para a súa eliminación.
- D) Son correctas as opcións B e C.

53. As biopsias intraoperatorias que precisen estudo microscópico deben de ser trasladadas polo celador ao:

- A) Servizo de Anatomía Patolóxica.
- B) Banco de Sangue.
- C) Servizo de Radiodiagnóstico.
- D) Servizo de Anatomía Patolóxica, pero o traslado deberá facelo a enfermeira circulante.

54. As funcións a realizar polo celador:

- A) Están recollidas no Estatuto de Persoal non Sanitario ao Servizo das Institucións Sanitarias do SERGAS (DOG nº 174 de 22 de xullo de 1971).
- B) Están recollidas no Estatuto de Persoal non Sanitario ao Servizo das Institucións Sanitarias da Seguridade Social (BOE nº174 de 22 de xullo de 1971).
- C) Serán as aprobadas para cada Centro de traballo pola Xunta de Persoal, tendo en conta as necesidades de cada centro sanitario.
- D) As funcións recollidas no Estaturo de Persoal non Sanitario xa non están vixentes.

55. Na mobilización de pacientes. O arnés é:

- A) Un dispositivo de limpeza.
- B) Un dispositivo de inmovilización do paciente.
- C) Un dispositivo de elevación do paciente con pouca mobilidade.
- D) Un dispositivo de recuperación funcional.

56. A supervisora do Servizo de Urxencias ordénalle que vaia a buscar os resultados dunha citoloxía dun paciente que permanece en observación de urxencias. A que servizo tería que ir vostede?:

- A) Ao Servizo de Hematoloxía.
- B) Ao Servizo de Anatomía Patolóxica.
- C) Ao Laboratorio de Microbioloxía.
- D) Ao Laboratorio de Uroloxía.

57. Por problemas de abastecemento, no servizo de reprografía só queda papel formato DIN A3 e necesítase realizar un traballo en papel formato DIN A7. Como a celadora aquí destinada sabe que os distintos papeis formato DIN gardan unha perfecta relación dimensional entre sí, consegue salir do paso de forma exitosa. Cantos papeis formato DIN A7 consegue de cada papel formato DIN A3?

- A) Oito.
- B) Doce.
- C) Dezaséis.
- D) Vintecatros.

58. Durante o traslado dende o quirófano ata a sala de espertar, un paciente operado ponse malo e pídenlle que corra buscar un balón de osíxeno. Vostede:

- A) Trae rapidamente un "ambú"
- B) Trae rapidamente un resucitador manual.
- C) Trae rapidamente un desfibrilador.
- D) A e B son correctas.

59. Un amigo de vostede pregúntalle polo estado de saúde dun familiar que está ingresado na planta na que vostede traballa. Vostede:

- A) Só llo poderá aclarar unha vez fóra do hospital.
- B) Suxeriralle que fale co médico do paciente.
- C) Diralle os tratamentos para tranquilizalo.
- D) A e B son correctas.

60. Conidérase recomendable limitar o uso da transpaleta mecánica manual para o transporte de cargas que non superen os:

- A) 1.200 kg.
- B) 1.000 kg.
- C) 1.500 kg.
- D) 1.800 kg.

61. A supervisora mándalle levar unha petición para facer un Eco-Doppler a unha dona ingresada. A onde a levará?

- A) Ao servizo de Xinecoloxía.
- B) Ao servizo de Diálisis.
- C) Ao servizo de Raios.
- D) Mandará a petición a través do servizo de Correo Interno.

62. A supervisora da planta ordélle que no desempeño das súas funcións extreme a profilaxe. Que entende vostede con esta medida?

- A) Que é unha medida curativa.
- B) Que é unha medida preventiva.
- C) Que é unha medida de Farmacoterapia.
- D) Ningunha das respostas anteriores é correcta.

63. Destinados no almacén debemos extremar ao máximo as normas de mecánica corporal para evitar lesións, en especial dorsolumbares, por eso temos que saber que en postura de sentado, non se deberían manipular cargas de máis de:

- A) 5 kg.
- B) 3 kg.
- C) 6 kg.
- D) 4 kg.

64. Mentres está a realizar a súa quenda de noite como celador de porta no Servizo de Urgencias, observa que o rótulo luminoso que indica a entrada das urgencias non funciona. Que deberá facer?:

- A) Avisar inmediatamente ao Servizo de Mantemento.
- B) Nada, xa se encargará o Servizo de Seguridade.
- C) Tratará vostede mesmo de arranxalo se pode.
- D) Poñerá en coñecemento do seu inmediato superior.

65. Unha enfermeira do servizo de Quirófano pídlle que asee a unha paciente que vai ser operada de urxencia. Vostede, celadora:

- A) Non o fará porque é función exclusiva da enfermeira.
- B) Non o fará porque é función exclusiva do persoal auxiliar.
- C) Colaborará co persoal de enfermería en dita tarefa.
- D) Faino soamente se a persoa a operar é unha muller.

66. Realizando a súa quenda de noite como celadora do Servizo de Urgencias, un paciente que está nun dos boxes de exploración pídlle algo para calmar a súa forte dor. Que tería que facer vostede?:

- A) Dicirlle que vostede é a celadora do servizo e que por tanto non pode darlle ningunha medicación.
- B) Indicarlle que non pode beber nada ata que o vexa o facultativo.
- C) Informar ao persoal sanitario de que o paciente se está queixando de moita dor.
- D) As respostas A e C son correctas.

67. A anestesista do quirófano no que se atopa vostede traballando, pídlle que comprobe a carga da bombona de osíxeno antes de trasladar ao paciente a reanimación. Que terá que facer?:

- A) Chamar ao mecánico para que comprobe a bala de osíxeno.
- B) Virar a roda de apertura para comprobar se o osíxeno sae coa forza adecuada.
- C) Mirará que o manómetro indique a presión adecuada.
- D) Comprobará o peso da bombona de osíxeno.

68. O enfermeiro pídelle que lle achegue o instrumento que sirva para medir a presión arterial. Cal é a opción falsa?

- A) Un tensiómetro.
- B) Un termómetro.
- C) Un "baumanómetro".
- D) Un esfigmomanómetro.

69. Destinado no servizo de anatomía patolóxica como celador, escoita a dous facultativos falar de ortotanasia. Das seguintes opcións, cal é a correcta respecto á ortotanasia?

- A) Conxunto de técnicas aplicadas ao cadáver para retrasar ou impedir os fenómenos putrefactivos.
- B) Morte natural dun enfermo desafiuzado sen sometelo a unha prolongación medicamente inútil da súa agonía.
- C) Conxunto de técnicas de cosmética e modelado que permiten mellorar a aparencia do cadáver.
- D) Ningunha das opcións anteriores é a correcta.

70. Traballando no quirófano, a cirurxiá pídelle a realización de varias tarefas, cales son as propias como celador de quirófano?:

- A) Elixir os accesorios a utilizar da mesa cirúrxica para a colocación do paciente.
- B) Revisar o funcionamento do aparato de anestesia.
- C) Transportar ao quirófano o aparato de ecografía.
- D) Ningunha das anteriores é función súa.

71. En canto aos medios de transporte para o traslado de cadáveres e restos cadavéricos, sinale a opción correcta.

- A) Non poderán trasladarse en avión.
- B) Nos casos de extracción de órganos ou tecidos, por ter a condición de doante a persoa falecida, o traslado poderase efectuar en vehículos de transporte sanitario.
- C) Non poderán trasladarse en furgóns de ferrocarril.
- D) Ningunha das opcións anteriores é correcta.

72. Traballando como celadora de porta do Servizo de Urgencias, os familiares que traen a un paciente coméntanlle que ten dor no peito e antecedentes de infarto. Sinale a actuación correcta:

- A) Levarao nunha cadeira de rodas ata admisión de urgencias para dar os seus datos e posteriormente á sala de espera.
- B) Dado os seus antecedentes, e a alta posibilidade de que sexa un infarto, lévao directamente ao Servizo de Cardioloxía para gañar tempo.
- C) Trasladao de inmediato á sala de triaxe para ser valorado polo persoal sanitario, e a continuación informará á familia do seu estado.
- D) Trasladao de inmediato á sala de triaxe para ser valorado polo persoal sanitario, e se a familia pídelle información sobre o seu estado remitiráa ao médico que o atende.

73. Durante o traslado dun paciente en cama, dende a planta de hospitalización ó servizo de Hemodiálise, temos que descender por unha pendente. Cal será a forma máis axeitada?

- A) Descenderemos de costas.
- B) Descenderemos empurrando a cama de fronte.
- C) Descenderemos a pendente freando a intervalos.
- D) Ningunha das respostas anteriores é correcta.

74. Ao entrar a mobilizar a un paciente en quirófano, a última peza da vestimenta de protección que se poñerá será:

- A) Luvas.
- B) Máscara.
- C) Calzas.
- D) Gorro.

75. Un usuario dirxese a vostede e pregúntalle onde pode solicitar información sobre a súa Historia Clínica. Vostede:

- A) Dille que vaia ao departamento de Informática do hospital.
- B) Indícalle que pode consultala a través de É-Saúde.
- C) Indícalle que vaia á Oficina de Atención ao Usuario.
- D) B e C son correctas.

76. Un paciente que está a ser atendido nun box de urxencias, sofre unha parada cardiorrespiratoria. O facultativo ao cargo pídlle que o coloque de forma adecuada para entubar ao paciente. Como deberá proceder?:

- A) Retirá o cabeceiro da cama.
- B) Colocará ao paciente na posición de Roser.
- C) Colocará ao paciente na posición de Fowler.
- D) As respostas A e B son correctas.

77. Traballando no Servizo de Psiquiatría ten que axudar a inmovilizar a un paciente axitado na súa propia cama. Para iso:

- A) Ataráselle coas dúas mans xuntas.
- B) Ataránselle os catro membros, os superiores entrecruzados polo peito.
- C) Ataráselle unha man e un pé do mesmo lado.
- D) Ataránselle as catro extremidades non entrecruzándoas sobre o peito.

78. Un compañeiro celador sobe dende Urxencias á planta de Medicina Interna un paciente para ingresalo. Vostede decide que van usar o "transfer", por eso:

- A) Leva o "rolón" ou cinta sen fin para pasalo da padiola á cama. Chegará un só celador para facelo.
- B) Leva a táboa rixida para pasalo da padiola á cama, usando unha saba entremetida. Son precisas ao menos dúas persoas.
- C) Coloca a padiola e a cama en posición horizontal e a padiola un palmo mási alta ca cama.
- D) Todas son correctas.

79. O supervisor da planta na que traballa como celador, pídlle axuda para facer limpeza. Vostede:

- A) Non limperei por non ser función do celador.
- B) Moverei os mobles, vultos, aparellos e cousas semellantes que sexa preciso para unha limpeza mellor.
- C) O supervisor pode pedirme que limpe en calquera caso.
- D) B e C son correctas.

80. Que terá que ter vostede en conta como celador, na mobilización dos pacientes encamados na planta de Medicina Interna que lle foi asignada hoxe, para desempeñar as súas funcións?

- A) O estado do paciente.
- B) Se o paciente pode ou non colaborar.
- C) O persoal de enfermería da unidade é o responsable da dita mobilización.
- D) Todas as respostas son correctas.

81. No servizo no que vostede está traballando hoxe no turno de mañá, ordéanlle trasladar a un paciente da cama á padiola. Que deberá vostede ter en conta para a dita mobilización?

- A) Colocar a padiola en posición perpendicular á cama e frear ámbalas dúas.
- B) Colocar ó paciente en posición de decúbito prono.
- C) Colocar a padiola en paralelo xunto á cama e frear ámbalas dúas.
- D) Escorregar as nosas mans en sentido oblicuo baixo as articulacións do paciente.

82. Para un curso de formación que se está a impartir no hospital da súa cidade, pídenos facer debuxos e edición de imaxes. Que programa utilizaríamos para realizar estas tarefas?

- A) Paint.
- B) Fireworks.
- C) Photoshop.
- D) Calquera dos programas anteriores.

83. Cando vai camiño do laboratorio cunha bandexa de mostras, un usuario dille que se fundiu unha lámpada dos aseos públicos. Vostede:

- A) Deixa o que está facendo, vai ao almacén e pide a lámpada que fai falta.
- B) Comunícallo ao supervisor de Mantemento.
- C) De volta do laboratorio chama ao Xefe de Persoal Subalterno para comunicarllo.
- D) Non fai nada porque hai outros baños e espera que sexa outro traballador o que dea o aviso.

84. Cando estamos colocando un paquete nunha estantería do almacén, segundo a normativa vixente sobre manipulación manual de cargas, o peso teórico recomendado, coa carga alonxada do corpo e á altura da cabeza será:

- A) 11 kg.
- B) 7 kg.
- C) 13 kg.
- D) 9 kg.

85. Como celador destinado en anatomía patolóxica deberá coñecer as condicións que ten que cumprir unha sala de autopsias. Sinala a opción incorrecta.

- A) Nunha sala de autopsias ten que haber auga corrente fría e quente.
- B) Nunha sala de autopsias ten que haber sistema de aspiración.
- C) Nunha sala de autopsias ten que haber laboratorio histopatolóxico propio ou concertado.
- D) Nunha sala de autopsias ten que haber extractores de aire directos ao exterior.

86. Está vostede destinado na Unidade de Críticos do seu hospital. Sinala cal dos principios que rixen nesta unidade é erróneo:

- A) Os pacientes da Unidade de Críticos deben ser mobilizados sempre de forma suave.
- B) Requírese da coordinación de todo o persoal na mobilización.
- C) Os tubos de drenaxe e sondas estarán en todo momento máis altos que o paciente.
- D) Deberá mobilizar sempre baixo as indicacións do persoal sanitario.

87. En que caso se poderían enterrar dous ou máis cadáveres nun mesmo féretro? Sinala a opción correcta.

- A) Nais e neonatos falecidos no momento do parto.
- B) Sucesos con vítimas múltiples.
- C) Nunca pode haber máis dun cadáver por féretro.
- D) Son correctas as opcións A e B.

88. Traballando como celadora no almacén ten que levar un pedido nunha transpaleta manual e no percorrido hai que descender unha pequena pendente. Sinala a opción correcta.

- A) Só descenderá pola pendente se a transpaleta dispón de freo.
- B) A celadora situarase sempre diante da carga.
- C) Só descenderá se a pendente máxima a salvar aconsellable é do 7%.
- D) Son correctas as opcións A e C.

89. Comunícanlle que lle corresponde axudar a trasladar a un paciente politraumatizado desde un box de urxencias á UCI. Cando dará por finalizada esta tarefa?:

- A) Cando cheguen á porta da UCI, onde xa se encargará o persoal da mesma.
- B) Cando o facultativo especialista da UCI o autorice.
- C) No momento en que sexa de novo reclamado polo Servizo de Urxencias.
- D) Cando o paciente fose correctamente situado, e o persoal da UCI se fixese cargo do paciente.

90. Temos que trasladar a un paciente da cama a unha cadeira de descanso, tendo en conta que o paciente ten as pernas escaioladas. Como realizaremos a mobilización?

- A) Sostéñense os membros escaiolados respetando a súa posición.
- B) Utilizaremos unha saba forte para mobilizar ó paciente.
- C) Coloraremos ao paciente sobre unha superficie ríxida.
- D) Escorragaremos ó paciente sen levantalo.

91. Ten que copiar un parágrafo dun texto utilizando soamente o teclado, unha vez seleccionado o texto, que tecla ou teclas usaría?

- A) Control V simultaneamente.
- B) F11.
- C) Control Q simultaneamente.
- D) Control C simultaneamente.

92. No seu posto de traballo nunha planta de hospitalización, vostede, celador, porá luvas:

- A) Se hai posibilidade de entrar en contacto con sangue, fluidos corporais, secrecións ou con pel non intacta.
- B) Se é un caso de illamento de contacto.
- C) Se fose axudar na hixiene de pacientes encamados.
- D) Todas son correctas.

93. Para a realización do noso traballo é necesario consultar o correo electrónico. Podemos usar:

- A) Un cliente web, se está dispoñible.
- B) Un programa de correo electrónico.
- C) As respostas A e B son correctas.
- D) Ningunha das respostas é correcta.

94. Van facer unha suxeición mecánica ou inmovilización parcial. Para iso:

- A) O celador colabora co resto do equipo, que debe ser o máis numerosa posible, nunca menos de oito persoas, incluído sempre o médico.
- B) Suxéitanse os pulsos e os nocellos ás barandillas da cama.
- C) O primeiro que se coloca é o cinto abdominal e de seguido a man dereita e o pé esquerdo, ou a man esquerda e o pé dereito.
- D) Inmovilízase o tronco e as catro extremidades.

95. Necesitamos enviar un correo electrónico. Cales son os campos máis importantes a ter en conta?

- A) O enderezo, o asunto e o corpo.
- B) O enderezo e o asunto.
- C) O corpo e o asunto.
- D) Ningunha é correcta.

96. O supervisor de planta ordéalle levantar a un paciente, o cal colabora, desde a cama á cadeira de rodas. Cal será a súa actuación?

- A) Situar a cadeira en paralelo á cama, co respaldo a unha altura próxima ós pés da cama.
- B) Situar a cadeira en paralelo á cama co respaldo próximo á cabeceira.
- C) Situar a cadeira en perpendicular á cama e co respaldo próximo ós pés.
- D) É indiferente a posición na que se coloque a cadeira.

97. Como traballador so servizo de Raios, sabe que son materiais que se usan como contraste nas probas radiolóxicas:

- A) Os compostos iodados.
- B) O sulfato de bario.
- C) O gadolinio úsase nos medios de contraste nas resonancias magnéticas nucleares.
- D) Todas son correctas.

98. Cando vaia a buscar a un paciente para o seu traslado ao quirófano, o primeiro que debe comprobar é:

- A) Que a zona para operar estea debidamente rasurada.
- B) Que a familia estea informada da intervención.
- C) Que a historia clínica se corresponda co nome do paciente.
- D) Que estea en xaxún.

99. Durante a quenda de noite, é vostede requirido na Unidade de Críticos por parte do persoal sanitario para recolocar a un paciente con sospeita de tuberculose. Como debe proceder?

- A) Debe manterse ó paciente aislado nunha habitación individual con presión negativa.
- B) Debe manterse ó paciente aislado nunha habitación individual con presión positiva.
- C) Debe manterse ó paciente aislado nunha habitación individual con presión neutra.
- D) O paciente só precisa do uso de máscara.

100. En moitos laboratorios para a esterilización de material de vidro úsase a estufa Poupinell; se se traballa coa estufa a 160°C, canto tempo durará o proceso?

- A) 120 minutos.
- B) 150 minutos.
- C) 60 minutos.
- D) 180 minutos.

101. Cando se usa plasma de peróxido de hidróxeno como método de esterilización hai que saber que é un proceso:

- A) Tóxico.
- B) Lento.
- C) Idóneo para materias sensibles á calor.
- D) Son correctas as opcións A e C.

102. Cando estivo destinado no servizo de farmacia como celador fixouse en que os residuos procedentes da preparación de citostáticos recóllense en contenedores específicos para eles. Segundo a normativa vixente, a que clase de residuos pertencen os citostáticos?

- A) Clase III.
- B) Clase IV.
- C) Clase V.
- D) Clase II.

103. Precisamos crear un documento que permita levar o rexistro das notas do alumnado asistente a unha formación. Que programa recomendaría?.

- A) Microsoft Word.
- B) Microsoft Excel.
- C) Microsoft PowerPoint.
- D) Microsoft Access.

104. Estando a traballar no quirófano, o celador de farmacia entregoulle unha medicación etiquetada como "termolábil", ante o cal deberá:

- A) Como é un medicamento sensible á luz, levarao resgardado da mesma.
- B) Entregarllo á supervisora para que o garde na neveira e así manter a cadea de frío.
- C) Poñerse uns guantes de nitrilo para o seu transporte.
- D) Todos os medicamentos da farmacia do hospital levan esa etiqueta, non é necesaria ningunha medida adicional.

105. O celador de farmacia, movendo unhas caixas de soros no almacén, choca cun extintor e desengánchase da parede. Segundo a lexislación actual, cal é a altura máxima á que debe estar colocado un extintor, contando dende o chan ata a parte superior do extintor?

- A) 1,70 metros.
- B) 1,40 metros.
- C) 1,20 metros.
- D) 1,10 metros.

106. En canto aos cuidados que deben de tomar os celadores e o resto do persoal nunha Unidade de Críticos para evitar a infección nosocomial, podemos afirmar que:

- A) Deben lavar as mans tralo contacto con cada paciente.
- B) É abondo cambiar de luvas tralo contacto con cada paciente.
- C) Deben cambiar as luvas soamente se é un paciente infeccioso e nese caso, deberían lavar as mans.
- D) Deben empregar luvas estériles.

107. Traballando en reprografía sabemos que para reducir o tamaño de copia hai que usar a memoria "zoom" da fotocopiadora. A que redución sería preciso chegar, aproximadamente, para pasar dun formato DIN A3 a un formato DIN A4?

- A) 141%.
- B) 50%.
- C) 70%.
- D) 81%.

108. O cursor é unha marca que nos indica o lugar da pantalla onde aparecerá o próximo carácter que premamos. Que tecla ou combinación de teclas poderemos usar para posicionar o cursor en lugares determinados do documento?

- A) Inicio.
- B) Control + Inicio.
- C) Control + Fin.
- D) Todas as respostas son correctas.

109. Que nivel de asepsia requiren os termómetros rectais?

- A) Esterilización por tratarse de material crítico.
- B) Desinfección por tratarse de material semicrítico.
- C) Limpeza a fondo por tratarse de material non crítico.
- D) Ningunha das opcións anteriores é correcta.

110. Chámanlle para cubrir unhas vacacións no mes de decembro. A supervisora da planta que lle asignaron, pregúntalle se vostede sabe por que é necesaria a mobilización ou cambios posturais dos pacientes encamados. Cal sería a resposta correcta?

- A) Para que descansen máis tempo os pacientes.
- B) Para evitar a formación de éscaras.
- C) Para facilitar a sondaxe.
- D) Ningunha resposta é correcta.